

CURSO 2023/24
INSTRUCCIÓN DE MATRÍCULA

O equipo directivo xunto co departamento de orientación ofrecerán a información precisa co fin de facilitar o proceso de matrícula. **Unha vez formalizada a solicitude de matrícula e rematada a configuración dos grupos, non se permitirán cambios de materias nin de grupo**, agás aqueles propostos polo departamento de orientación, sempre e cando a organización do centro o permita.

A elección de materias por parte do alumnado poderá limitarse por razóns organizativas.

PRAZOS PREFERENTES PARA A FORMALIZACIÓN

Datas e horas de matrícula preferente en función da letra do primeiro apelido do/a alumno/a.

Os irmáns que se matriculen no centro, aínda que sexan de distintos niveis, poderán formalizar a matrícula conxuntamente en calquera das datas nas que son convocados.

Curso no que se matricula	Data, hora e letra do primeiro apelido	
2º BACHARELATO	26 XUÑO	
	8:45 - 11:30	11:45 - 14:00
	A - G	H - Z
1º BACHARELATO	27 XUÑO	
	8:45 - 11:30	11:45 - 14:00
	A - I	J - Z
4º ESO	28 XUÑO	
	8:45 - 11:30	11:45 - 14:00
	A-E	F - M
4º ESO	29 XUÑO	
	8:45 - 11:30	
	N - Z	
2º ESO	29 XUÑO	
	11:45 - 14:00	
	A - L	
2º ESO	30 XUÑO	
	8:45 - 11:30	11:45 - 14:00
	M - P	Q - Z
3º ESO	3 XULLO	
	8:45 - 11:30	11:45 - 14:00
	A - D	E - L
3º ESO	4 XULLO	
	8:45 - 11:30	11:45 - 14:00
	M - P	Q - Z
1º ESO	5 XULLO	
	8:45 - 11:30	11:45 - 14:00
	A - E	F - L
	6 XULLO	
	8:45 - 11:30	11:45 - 14:00
	M - P	Q - Z

No caso de dispor os proxenitores de sinatura dixital será posible enviar no prazo ordinario de matrícula a totalidade da documentación por correo electrónico ao enderezo do centro indicando no asunto:

MATRÍCULA_APELIDOS E NOME DO/A ALUMNO/A_CURSO NO QUE SE MATRICULA

Comprobada a documentación, a dirección do centro confirmará a formalización da matrícula.

IMPORTANTE.

O centro emprega ABALAR como ferramenta de comunicación coas familias. É preciso instalar a aplicación e completar o rexistro, co fin de recibir a información relativa ao alumnado vía telemática. Calquera cambio nos datos da matrícula, que suceda ao longo do curso (situación familiar, enderezo, teléfonos...), deberá ser comunicado á secretaría do centro coa maior celeridade posible.

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

NON SE ADMITIRÁ DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA

A. DOCUMENTACIÓN XERAL

- FORMALIZACIÓN MATRÍCULA ESO ou BACHARELATO
- AUTORIZACIÓN PARA USO DA IMAXE

A.1. ALUMNADO DE NOVO INGRESO:

1. 2 fotos tipo carné co nome e apelidos no reverso; 3 fotos no caso de usuarios de transporte escolar.
2. Fotocopia do DNI, NIE ...
3. Fotocopia de todas as páxinas do libro de familia onde figuren anotacións.
4. No caso de non coincidir a situación familiar coa reflectida no libro de familia, achegarase documentación acreditativa das modificacións (sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador ...). No caso de separación ou divorcio o proxenitor custodio informará á dirección do centro de cuestións relevantes como: a privación da patria potestade do proxenitor non custodio, prohibición de comunicación co/a fillo/a, limitacións na recollida no centro escolar.
5. Certificación académica expedida polo centro de procedencia, co fin de xustificar ter superado o nivel anterior ao que se matricula.
6. Só para 1º e 2º ESO: Fotocopia da tarxeta sanitaria.

A.2. ALUMNADO DO CENTRO

1. 1 foto tipo carné co nome e apelidos no reverso; 2 fotos no caso de usuarios de transporte escolar.
2. Fotocopia do DNI, NIE .. (se non se presentou en cursos anteriores).
3. No caso de cambios na situación familiar, documentación relacionada no apartado A.1.4.

B. DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA

B.1. SEGURO ESCOLAR¹

O alumnado que se matricule en 3º, 4º da ESO ou BACHARELATO deberá aboar na conta número ES08 2080 0035 16 3040010955 da Sucursal ABANCA (Sada), a cantidade de 1,12 € en concepto de SEGURO ESCOLAR, indicando o nome e apelidos do/a alumno/a que fai o ingreso. O xustificante de pagamento deberá presentarse co resto da documentación, no momento de formalizar a matrícula.

B.2. AUTORIZACIÓN TRATAMENTO DA IMAXE

Asinada polo alumno ou alumna no caso de ter cumpridos 14 anos, ou polos proxenitores no caso contrario.

B.3. SOLICITUDE TRANSPORTE ESCOLAR²

ALUMNADO CON DEREITO A TRANSPORTE ESCOLAR GRATUÍTO

Alumnado escolarizado en 2º ciclo de educación infantil ou en niveis de ensinanza obrigatoria cuxos domicilios se encontren fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 quilómetros, calculada utilizando o itinerario máis directo á pé.

Para poder ser persoas usuarias con dereito ao servizo o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecidas, ou contar cun ditame de escolarización forzosa emitido pola administración educativa. Neste caso, valorarase excepcionalmente ampliar provisionalmente a ruta afectada se os tempos permiten a realización do servizo ou facilitar unha axuda individualizada. Para este trámite é imprescindible presentar o ditame de escolarización forzosa ou certificado da dirección do centro que acredite o carácter forzoso da escolarización.

ALUMNADO USO EXCEPCIONAL

Rutas de transporte escolar xestionadas pola Consellería de Educación

Poderase autorizar o uso excepcional do servizo ao alumnado que aínda que non ostente a condición de persoa usuaria con dereito a transporte escolar, pode excepcionalmente usar o servizo sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes.
- Que non comporte modificación das rutas.
- Que non supoña creación de novas paradas.
- Que non incremente a duración do traxecto.
- Que non precise a incorporación de acompañante.

A utilización das prazas baleiras serao en precario, de xeito que decaerán se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outras persoas con dereito preferente. **O alumnado non poderá facer uso do transporte ata recibir a autorización de uso excepcional.**

¹ No caso de que as familias non dispoñan de conta en ABANCA, é posible aboar o seguro escolar por transferencia desde o banco propio ou no caixeiro automático de ABANCA.

² Agás cambios de domicilio debidamente acreditados, a asignación da parada para cada persoa usuaria do transporte será fixa para todo o curso.

No caso dos servizos integrados

Non se realizará reserva de praza a favor do alumnado excepcional, quen, sempre que haxa prazas dispoñibles, poderá facer uso do servizo en condicións análogas. Para que o acceso ao servizo integrado non teña custo económico, poderá facer uso da **tarxeta de transporte Xente Nova**, coa que os importes inicialmente abonados seranlles reintegrados pola Xunta de Galicia nos termos previstos para esta tarifa (www.bus.gal)

UTILIZACIÓN EXCEPCIONAL DE DÚAS PARADAS POR UN MESMO USUARIO CON DEREITO

A dobre asignación de paradas a un mesmo escolar **unicamente** poderá producirse no caso de que existan prazas baleiras e cando as paradas solicitadas existan nos itinerarios e en ningún caso supoña a creación dunha parada nova nin alteración do deseño das rutas afectadas.

Requisitos:

- **Petición formal e expresa**, asinada polas persoas titoras do alumno que ostentes a garda e custodia.
- **Xustificación acreditativa** das situacións familiares e/ou laborais (sentencia ou convenio regulador, atribuíndo a custodia e garda compartidas aos pais, informe ou certificación empresarial ou administrativa acreditativa do horario laboral incompatible de ambas dúas persoas titoras do menor ou dunha, no caso das familias monoparentais.
- **Compromiso por parte dos peticionarios de utilización continuada**, ao longo de todo o curso escolar.
- **Constatación pola dirección** do centro da existencia nas rutas da segunda parada solicitada e da dispoñibilidade na ruta de que dita parada forma parte de prazas libres.

INFORMACIÓN RUTAS E PARADAS

Ruta 1 (Mandín-Cruce de Samoedo): Paradas

IES Isaac Díaz Pardo, Cruce de Samoedo, O Castro, Arrancapinos, Obra do Paño, Espírito Santo, Coiro, Soñeiro 1, Lugar de Costa 20A, Mandín

Ruta 2 (Transporte Integrado, Xeitosiña-Tarabelo): Paradas

IES Isaac Díaz Pardo, Tarabelo, Mondego 1, Mondego 2, Mosteirón 1, Mosterión 2, Castelo, Osedo 1, Osedo 2, Seixeda, Xeitosiña

Ruta 3 (Castelo 2, Aldea de Carta): Paradas

IES Isaac Díaz Pardo, Aldea de Carta, Meirás, Pé do Muíño, Penedo, Souto da Igrexa 2, Souto da Igrexa 1, Vilar 1, Vilar 2, Castelo 1, Castelo 2

Ruta 4 (Carnoedo-Fontán): Paradas

IES Isaac Díaz Pardo, Fontán (Casa dos mariñeiros), Pazos 1, Pazos 2, Carnoedo

Ruta 5 (Riobao-Fontán): Paradas

IES Isaac Díaz Pardo, Riobao, Beloi, Souto nº 83, Souto 1, Taibó 1, Taibó (Caínzo), Veigue 2, Veigue 1, A Valexa, Fontán (Casa dos mariñeiros)

Fontán é unha parada a distribuír en función da demanda final

B.4. SECCIÓN BILINGÜE³

3º ESO - Educación Plástica, Visual e Audiovisual en Inglés.

Unha sección bilingüe é a organización do ensino dunha materia non lingüística dun xeito bilingüe. A incorporación da lingua estranxeira na sección bilingüe acadará un mínimo dun 50%. A avaliación e promoción do alumnado axustarase aos procedementos establecidos na normativa con carácter xeral. Ao remate de cada curso o alumnado que sexa cualificado positivamente na materia obxecto da sección bilingüe recibirá unha credencial oficial expedida polo centro conforme participou nunha sección bilingüe.

A incorporación dun alumno ou unha alumna a unha sección bilingüe requirirá a **autorización por escrito dos pais/nais**. O alumnado que forme parte dunha sección bilingüe non poderá abandonala antes de rematar o curso escolar, salvo por razóns xustificadas ante a dirección do centro e coa autorización desta.

Por acordo de Claustro e Consello Escolar, as **condicións de acceso** do alumnado estarán determinadas polas cualificacións das materias de: Inglés (2º ESO), Educación Plástica, Visual e Audiovisual (1º ESO)

B.5. SOLICITUDE EXENCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

Non terá dereito á exención o alumnado que realizase estudos en Galicia e curse fóra da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore ao sistema educativo galego.

A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase.

³ Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario

O incumprimento por parte do alumno ou da alumna do establecido no punto anterior determinará a revogación da exención, logo dos informes pertinentes e unha vez oída a persoa interesada ou, de ser o caso, os seus proxenitores, titores ou representantes legais.

B.6. VALIDACIÓN E EXENCIÓN DE MATERIAS

Solicitud realizada polo alumnado ou proxenitores (no caso de menores de idade) durante o período de matrícula no curso académico e durante o mes de setembro. Coa solicitude achegarase a documentación que xustifique a posible validación e/ou exención.

B.7. SÓ PARA ALUMNADO DE BACHARELATO

Nos casos de **cambio de modalidade, cambio de primeiro idioma, matrícula de materias de continuidade que precisan a materia de 1º curso e repetición de 2º curso, realización de bacharelato, en réxime ordinario, en tres anos académicos, solicitar información á dirección do centro.**

B.8. INSCRIPCIÓN PROGRAMA ALERTA ESCOLAR

Só para o alumnado que padece patoloxías crónicas susceptibles de descompensación con compromiso vital:

- Crises alérxicas (anafilaxia) por exposición a alérxenos normalmente alimentarios.
- Crises comiciais (epilepsia nas súas diferentes formas).
- Crises diabéticas (en xeral, hipoglucemias).

A solicitude deberá ir acompañada dun informe médico da patoloxía do neno/a, incluíndo no mesmo a medicación que será necesaria administrar en caso de crise aguda.

C. NOVIDADES LOMLOE

ESO	
Ao longo de toda a ESO o alumnado cursará Relixión ou Proxecto Competencial (1 sesión lectiva), segundo a elección dos proxenitores. O Proxecto Competencial dirixirase ao desenvolvemento das competencias transversais.	
1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ As materias L. Castelá e Literatura, L. Galega e Literatura teñen 3 sesións lectivas. ▪ A materia Matemáticas ten 4 sesións lectivas. ▪ Incorporase a materia Tecnoloxía e Dixitalización (3 sesións lectivas). ▪ Dúas horas de libre disposición dedicadas a incrementar a carga lectiva de Bioloxía e Xeoloxía e 1ª L. Estranxeira, que pasan a ter 4 sesións lectivas cada unha.
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A materia Matemáticas ten 4 sesións lectivas. ▪ A materia de Tecnoloxía denomínase Tecnoloxía e Dixitalización (3 sesións lectivas). ▪ Dúas horas de libre disposición dedicadas a incrementar a carga lectiva de Física e Química e 1ª L. Estranxeira, que pasan a ter 4 sesións lectivas cada unha.
3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o alumnado cursa Educación en Valores Cívicos e Éticos (1 sesión lectiva) ▪ Desaparece a oferta de Matemáticas Académicas e Matemáticas Aplicadas e Tecnoloxía. Todo o alumnado cursa Matemáticas (4 sesións lectivas) ▪ A materia optativa ten 3 sesións lectivas. Incorporanse Cultura Financiera, Oratoria e Educación Dixital.
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ O alumnado elixe Matemáticas A ou Matemáticas B. <i>As Matemáticas A desenvólvense preferentemente mediante a resolución de problemas, a investigación e a análise matemática de situacións da vida cotiá, mentres que as Matemáticas B profundan, ademais, nos procedementos alxébricos xeométricos, analíticos e estatísticos, incorporando contextos matemáticos, científicos e sociais.</i> ▪ O alumnado ten que elixir 3 materias de opción e 1 materia optativa.
BACHARELATO	
O alumnado cursa Relixión ou Atención Educativa (1 sesión lectiva), segundo a elección dos proxenitores ou a súa propia no caso de ser maior de idade. Esta atención educativa en ningún caso poderá concretarse en forma de materia nin levará asociada unha cualificación.	
1º BACH	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A materia E. Física incrementa a carga lectiva 1 sesión. ▪ A modalidade de Ciencias denomínase Ciencias e Tecnoloxía e introduce como materia de opción de modalidade Tecnoloxía e Enxeñaría I. A materia de Bioloxía e Xeoloxía engade Ciencias Ambientais. ▪ O alumnado ten que elixir 1 materia obrigatoria da modalidade, 2 de opción e 1 optativa.
2º BACH	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o alumnado cursa Historia da Filosofía. ▪ A modalidade de Ciencias denomínase Ciencias e Tecnoloxía e introduce como materia de opción de modalidade Tecnoloxía e Enxeñaría II. A materia de Xeoloxía engade Ciencias Ambientais. ▪ O alumnado ten que elixir 1 materia obrigatoria da modalidade, 2 de opción e 1 optativa.
MATERIAS PENDENTES QUE SE EXTINGUEN	
O alumnado da ESO que teña pendentes materias que se extinguen deberá recuperalas co currículo establecido no Decreto 156/2022, do 15 de setembro.	
O alumnado que se matricule en segundo de bacharelato e teña pendentes materias reguladas no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, deberá recuperalas co currículo establecido no Decreto 157/2022, do 15 de setembro.	